

PETRUS

Helena Bengoetxea, 2025

1765

ESTREA EN NUMAX: 11.06.2026 | V.O.S.E. | TP | 94 min

Joseba Lekuona esculpe pezas para un mercado de arte exclusiva. Simeón Hidalgo, profesor xubilado, mantén a duras penas o museo Petrus, un proxecto cultural no medio da nada, onde a alcaldesa, Elsa Plano, fai da supervivencia do val a súa cruzada vital. Joseba, Simeón e Elsa entrecruzan os seus camiños nos que, cada cal ao seu xeito, fan do cotián unha forma de resistencia.



Unha proposta sensorial

Petrus rescata a historia do artista e canteiro Joseba Lekuona quen, con máis de 35 anos de experiencia, mantivo vivo ese oficio artesanal «con maiúsculas», como el mesmo di, a pesar da precariedade e a falta de apoios, como se mostra na longametraxe. Con todo, Lekuona atopa no mundo do luxo unha oportunidade para sacar adiante o seu traballo e a película explora tamén esa dualidade entre a cantería e os restaurantes con Estrela Michelin, hoteis, revistas como 'Basque Luxury' ou o mercado da arte.

«Tocoume facer de todo. Durante máis de 20 anos organizei feiras de artesanía por todas as vilas de Euskal Herria e non vendín nunca nada. O único xeito de subsistir é ofrecéndoo a un mercado que o valora e que economicamente pode pagalo», indica. Neste sentido, Bengoetxea aborda tamén as contradicións que envolven a arte e a súa mercantilización, pero tamén as necesidades reais das vilas e a súa loita contra despoboamento.

«Paréceme que o val é bastante descoñecido e en xeral temos unha mirada xa preconcebida do que significa vivir nas aldeas e sobre que problemáticas teñen. Buscamos que non só se vise a paisaxe, senón tamén o concepto do tempo, os traballos que aínda se manteñen e que están ligados ás estacións», reflexiona Helena Bengoetxea, directora do filme. Bengoetxea resalta que os tres protagonistas cumpren cun rol de resistencia ante as tendencias actuais; por unha banda, «Lekuona, que quere manter o seu oficio; Plano, que quere preservar un estilo de vida; e Hidalgo, que monta un museo no medio da nada», o que nos leva a preguntarnos «que entendemos por arte».

Á hora de contar, Bengoetxea mostra imaxes repousadas, centradas en detalles, nos que os sons do campo flotan ao longo das escenas; unha elección que foi froito dun equipo moi especializado e «coa súa propia pedrada», agrade. «Rubén Marcilla, o director de fotografía, estudou cantería xunto con Joseba e sabía o que estaba a facer. Ás veces parece que cheiras o po. E logo, a música correu a cargo de Íñigo Pérez e pensou co equipo como facer música desde o século XXI, pero baseada en como se afinaba na Idade Media», menciona Bengoetxea.

A cineasta tamén pon en valor o traballo da sonidista Fung, que pensou un deseño sonoro composto por paxaros específicos da zona, de ovellas, cantería, logrando unha película «sensorial», considera Bengoetxea. Pola súa banda, Guzmán destaca que o feito de rodar nunha zona tan específica non renuncia a unha aspiración de universalidade: «Aínda que concretamos con nomes e apelidos e unha actividade concreta, en realidade podémolo trasladar a calquera país. Hai unha intención de conservar o patrimonio e resistir a que desapareza».

Publicado en naiz.eus